

PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL (PCPI)
(Orde do 13 de maio de 2008, DOG do 23-5-2008)

FINALIDADE	▶ Previr o abandono escolar e abrir novas expectativas de formación e de titulación. ▶ Cunha marcada vocación profesional, facilitan o acceso ao mercado de traballo de xeito cualificado.
OBXECTIVOS	✎ Conseguir competencias profesionais propias dunha cualificación profesional de <i>nivel I</i> do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. ✎ Posibilitar unha inserción sociolaboral satisfactoria. ✎ Ampliar as competencias básicas para proseguir estudos noutras ensinanzas.
ACCESO	➡ Alumnado entre 16 e 19 anos cumpridos dentro do ano de inicio do programa, que non obtivese o título de graduado en ESO nin tivera cursado outro PCPI. <i>(Non será de aplicación o máximo de idade nin ter cursado outro PCPI cando se trate de ofertas específicas de programas para alumnado con n.e.e. nin para programas externos da modalidade C).</i> ➡ Excepcionalmente, alumnado de 15 anos que: - Tivera cursado 2º ESO. - Non estea en condicións de promocionar a 3º. - Repetise unha vez na etapa. * O alumnado de 15 anos debe comprometerse a cursar os módulos conducentes á obtención do título da ESO.
PROCEDEMENTO DE INCORPORACIÓN EN IDADE DE ESCOLARIZACIÓN OBRIGATORIA (Alumnado 15 anos)	a) Informe individualizado do titor/a (coa proposta razoada do equipo docente): - Competencia curricular do alumno/a en cada materia. - Dificultades de aprendizaxe presentadas. - Medidas de atención á diversidade aplicadas. - Motivos de conveniencia de incorporación ao PCPI. b) Informe da xefatura do D.O. (conclusións avaliación psicopedagóxica), no que se inclúa: - Conformidade escrita do alumno/a, a do seu pai e a da súa nai. - Compromiso escrito de cursar os módulos voluntarios. c) Proposta da dirección do centro e remisión á inspección educativa. d) Resolución da inspección educativa sobre a autorización da proposta, para remitir ao centro antes do 12 de setembro. e) Comunicación á familia (por parte do centro).
ESTRUTURA	☒ Tipos de módulos: a) Específicos. b) Formativos de carácter xeral. c) Conducentes á obtención do título da ESO. ➔ Voluntarios, agás para 15 anos * Con carácter xeral, o módulo de FCT realizarase no 3º trimestre do curso académico, unha vez superados os restantes módulos obrigatorios. ⇒ Carga horaria/lectiva dos módulos: • <i>Específicos</i> (incluída FCT): 580 h. (no centro educativo 18 sesións/semana) • <i>Formativos de carácter xeral</i>: - Competencia comunicativa e dixital: 4 sesións/semana - Sociedade e cidadanía: 3 sesións/semana - Científico-matemático: 4 sesións/semana - Iniciativa persoal e relacións laborais: 2 sesións/semana • <i>Conducentes á obtención do título da ESO</i>: Currículo: Nivel II da ESA - Ámbito de comunicación. // - Ámbito social. // - Ámbito científico-tecnolóxico.
MODALIDADES	➤ Modalidade A: todos os módulos obrigatorios se imparten nun mesmo centro educativo, agás a FCT. ➤ Modalidade B: os módulos específicos se imparten nun centro educativo (agás FCT) e os módulos formativos de carácter xeral noutro. ➤ Modalidade C: poden participar (baixo a coordinación e con autorización da Consellería de Educación) corporacións locais, asociacións profesionais, asociacións non gobernamentais, outras entidades empresariais e sindicais. Existen dúas opcións: - <i>Programas mixtos</i>: módulos formativos de carácter xeral en centros educativos e módulos específicos fóra deles. - <i>Programas externos</i>: todos os módulos obrigatorios se imparten fóra dos centros educativos. * En todo caso, os módulos conducentes ao título da ESO serán impartidos nos centros educativos que determine a Consellería de Educación e O.U.

DURACIÓN	⊙ 2 cursos: - 1º ano → módulos obrigatorios (900 horas, incluídas 160 para FCT) - 2º ano → módulos voluntarios (carga horaria do nivel II ESA). ⊙ Horario semanal: 32 períodos lectivos (agás na FCT), reservando un período lectivo semanal para tutoría e orientación.
MATRÍCULA, RENUNCIAS E BAIXAS	✖ <i>Solicitud de matrícula</i>: por cada curso, na secretaría do centro onde se oferte o PCPI. ✖ Como norma xeral, unha única convocatoria por cada módulo obrigatorio. ✖ Para matricularse en 2º hai que ter superado todo 1º. ✖ O alumnado en idade de escolarización obligatoria que non supere os módulos obrigatorios, reincorporarase ao centro de procedencia (na ESO). ✖ O alumnado que non supere a totalidade dos módulos obrigatorios pode solicitar por unha soa vez ante a DXFP a concesión dunha convocatoria excepcional. <i>Lugar e prazo de solicitude</i>: na secretaría do centro, do 17 de xuño ao 2 de xullo. ❖ Renuncias e baixas: ▪ Renuncia á matrícula: por unha soa vez e con xustificación documental. Non implica reserva de praza. Excepto en caso de doenza prolongada, non a pode solicitar alumnado que accede a PCPI con 15 anos. ▪ Apercibimento: ao alumnado que acumule en calquera momento do curso un nº de faltas de asistencia inxustificadas: - do 10 % da duración global dos períodos lectivos impartidos do conxunto dos módulos, sempre que supoñan un mínimo de 20 sesións, - ou dun 15 % con respecto á duración global dalgún módulo, sempre que se impartiran un mínimo de 5 períodos lectivos do mesmo. ▪ Baixa de oficio: logo do apercibimento, se incorre en 10 novas faltas de asistencia inxustificadas. Impide volverse a matricular nun PCPI. ► Alumnado que accedeu ao PCPI anticipadamente: con falta manifesta de aproveitamento académico (logo dun apercibimento) ou faltas que motivarían a baixa de oficio, o equipo docente pode adoptar por maioría a proposta de reincorporación á ESO.
AVALIACIÓN	➡ Módulos obrigatorios: hai 3 avaliacións parciais (a 3ª determina o acceso á FCT) e unha final. <i>Cualificacións</i> entre 1 e 10, sen decimais. FCT: apto/non apto. <i>Nota final</i>: media aritmética (con dous decimais) das cualificacións en cada módulo. - Superados todos os módulos obrigatorios → Certificación académica coa que se pode solicitar o <i>certificado de profesionalidade</i> correspondente e, de ser o caso, acreditación das unidades de competencia incluídas no programa. ➡ Módulos voluntarios: pola normativa específica da ESA. ☑ Ao comezo das actividades do PCPI, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado (non conleva cualificacións). ➡ Posibilidade de flexibilización modular (fragmentar por módulos) para alumnado con necesidades educativas especiais. <i>Prazo presentación solicitudes flexibilización</i>: 1º trimestre de cada curso, antes da 1ª avaliación parcial.
OFERTA E AUTORIZACIÓN	► Ratios xerais: - Nº máximo alumnado en 1º curso: 12 (alumnado con n.e.e. computa dobre). - Nº mínimo alumnado módulos obrigatorios (modalidades A e B): 6 - Nº mínimo alumnado en grupo específico para módulos obtención título ESO: 10 ► A Consellería de Educación e O.U. determina anualmente a oferta de PCPI. ► Poderá realizar ofertas específicas de PCPI adaptadas a alumnado con n.e.e. ☐ Así mesmo, poderá autorizar en centros públicos a impartición de PCPI de xeito integrado, nos que os diferentes tipos de módulos (específicos, de carácter xeral e os conducentes ao título de graduado en ESO) se impartan ao longo de dous cursos académicos (a FCT: no período final do 2º curso).